

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DO PLENO DO
CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE
2018**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO DO BNG:

Uxío Cerecedo González
Mª Purificación Seixido
Gómez (**Ausente**)
Juan Carlos Taracido López

GRUPO DO PP:

Ana Mª López Fernández
Alberto Balado Ramonde
José M. Pérez Lorenzo

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Alberto Iglesias Fraguela
Jonathan I. Miranda Lucas
Mª José Fraguela López

GRUPO MIXTO:

Antonio Nieto Llana

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

Na Casa do Concello, ás quince horas do día trece de novembro de dous mil dezaoto, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vazquez. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria-urxente. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

- 1.- RATIFICACION URXENCIA DA CONVOCATORIA.**
- 2.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO
2018-2019**

.....

1.- RATIFICACION URXENCIA DA CONVOCATORIA.

De conformidade co artigo 79 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, sométese a consideración do Pleno o pronunciamento sobre a urxencia da sesión. O Alcalde motiva a

urxencia pola necesidade urxente de enviar o plan económico-financieiro á Consellería de Política Financieira. Explica que a liquidación municipal foi superior a 300.000 euros, e que se vai a intentar consolidar un gasto a maiores de 115.000 euros xa que as contaas están ben, e que por isto hai que aprobar un plan a dous anos.

A continuación, procédese á votación da urxencia da sesión, que é aprobada por sete votos a favor dos membros dos grupos municipais do P.S.deG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e tres abstencións dos membros do grupo municipal do PP.

2.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2018-2019

Vista a proposta da Alcaldía de data 12/11/2018, que di:

“Como consecuencia do incumprimento da regra de gasto posta de manifesto a través da liquidación do exercicio 2017, aprobada por resolución de esta alcaldía de data 30 de abril de 2018, número 278/2018, e ante a necesidade de elaborar un Plan Económico Financeiro (tal e como se pon de manifesto nos informes da Intervención municipal de datas 27/03/2018 e 31/05/2018) de conformidade cos artigos 21 e 23 da LO 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, e o artigo 9 da Orden HAP 2015/2012, que obrigan a elaboración dun PEF ante o incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, do obxectivo da deuda pública o regra de gasto que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos da regra de gasto, co contido e alcance previsto no citado artigo.

O Plan Económico Financeiro presentárase ó Pleno, que debe aprobalo no prazo de dous meses dende a súa presentación e poñerse en marcha no prazo de tres meses dende a constatación do incumprimento, segundo o artigo 23.1 da LOEPSF.

Vista a providencia da Alcaldía de data 05/11/2018.

En base ao anteriormente exposto, elevo ao Pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente o Plan Económico-Financieiro 2018-2019, de data 05/11/2018, por incumprimento da regra de gasto conforme á lexislación vixente.*

SEGUNDO: *Abrir un período de información pública polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións, o Plan Económico-Financieiro entenderáse definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do RD 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do TR da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.*

TERCEIRO: *Unha vez aprobado definitivamente o Plan Económico-Financieiro publícalo íntegramente no Portal de Transparencia municipal”.*

O Alcalde explica que con este plan se trata de consolidar sobre 115.000 euros de gastos a maiores, xa que existe unha liquidación de remanente de tesourería positivo. Engade que é bo demostrar a outras Administracións públicas que o Concello ten capacidade para investir.

Uxío Cerecedo comenta que están en contra da regra de gasto imposta polo Real decreto do ano 2012, e que se van a abster porque ante a urxencia da convocatoria, que non lles deu tempo a estudar o tema, pero insiste en que están en contra da regra de gasto e das imposicións do Real decreto do ano 2012.

A portavoz do Partido Popular di que se van a abster porque non lles chegou a documentación necesaria.

O Pleno Corporativo, por catro votos a favor do PSdeGA, e seis abstencións dos grupos municipais do PP, BNG e Grupo Mixto

ACORDA:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente o Plan Económico-Financieiro 2018-2019, de data 05/11/2018, por incumprimento da regra de gasto conforme á lexislación vixente.*

SEGUNDO: Abrir un período de información pública polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións, o Plan Económico-Financeiro entenderáse definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do RD 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do TR da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

TERCEIRO: Unha vez aprobado definitivamente o Plan Económico-Financeiro publícalo íntegramente no Portal de Transparencia municipal.

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as quince horas e cinco minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: José Miguel Alonso Pumar

Asdo: Alejandra Pardo Vázquez